



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

SADA

Secretaría

OEP 1-2021 2ª convocatoria persoal funcionario TAX. Administración Xeral. OEP 2021

Polo Decreto de Alcaldía núm. 1477/2024, do 5 de agosto, convócase novamente segundo as bases específicas aprobadas por resolución de alcaldía núm. 821/2023 do 3 de maio (BOP da Coruña núm. 85, 5-5-2023), as probas selectivas para a provisión en propiedade da praza vacante do Grupo A subgrupo A1; Escala: administración Xeral, Subescala: Técnica; Denominación: Técnico de Administración Xeral. Núm. de vacantes: 1

Un extracto da convocatoria publicárase no Diario Oficial de Galicia e no Boletín Oficial do Estado, sendo a data deste anuncio a que servirá para o cómputo do prazo de presentación de instancias.

BASES ESPECÍFICAS PARA A CONVOCATORIA PARA A PROVISIÓN EN PROPIEDAD POLO SISTEMA DE OPOSICIÓN DUNHA (1) PRAZA DE TÉCNICO DE ADMINISTRACIÓN XERAL DA ESCALA DE ADMINISTRACIÓN XERAL, SUBESCALA TÉCNICA, CORRESPONDENTES Á OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO 2021

1ª.- OBXECTO.-

As presentes bases específicas teñen por obxecto a regulación dos aspectos particulares do proceso selectivo para a provisión en propiedade, polo sistema de oposición por quenda libre, dunha (1) praza de Técnico de Administración Xeral funcionario de carreira da Escala de Administración Xeral, Subescala Técnica, pertencente ao Grupo A, subgrupo A1 de clasificacións, vacante no Cadro de Persoal e incluída na Oferta de Emprego Público do Concello de Sada para 2021 (BOP núm. 246, do 28-12-2021) en todo aquilo que non estea previsto nas Bases xerais dos procesos selectivos para o desenvolvemento da Oferta de Emprego Público para o Concello de Sada do ano 2021, aprobadas pola resolución da Alcaldía núm. 788/2023, 27 de abril e publicado no BOP núm 85, do 05-05-2023.

2ª.-REFERENCIA DO PROCESO SELECTIVO: OEP 1-2021

3ª.- CARACTERÍSTICAS DAS PRAZAS.

- Denominación da praza: Técnico de administración xeral
- Escala de administración Xeral ,Subescala técnica
- Grupo de clasificación: A Subgrupo A1
- Tipo de relación xurídica: persoal funcionario de carreira.
- Correspondencia cun posto de traballo da RPT: adjudicárase definitivamente ao superar o proceso selectivo un posto da RPT vacante.

4ª.- SISTEMA SELECTIVO.

De conformidade co previsto nas bases xerais aprobadas por este Concello de Sada, o sistema selectivo será o de oposición.

5ª.- TITULACIÓN ESIXIDA PARA O ACCESO Á PRAZA:

- Estar en posesión do título de Grado ou Licenciatura en Dereito ou equivalente.
- Estar en posesión do título de acreditación do nivel de coñecemento de lingua galega CELGA 4 ou outros títulos oficiais equivalentes. No caso de non acreditálo realizarase unha proba conforme ao establecido na base 7ª.3.

6ª.- SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN, PRAZO E TAXAS

As solicitudes de participación achegarase a documentación sinalada na base cuarta das Bases Xerais e axustaranse ao modelo que está a disposición na seguinte ligazón:

<https://www.sada.gal/ga/a-un-click/impresos> este modelo xa inclúe a declaración xenérica relativa a base xeral 4.2 b)

O prazo de presentación de solicitudes é o establecido na base cuarta das xerais

As taxas serán as establecidas na base quinta das xerais para o grupo A subgrupo A1.

7ª.- PROCESO SELECTIVO.

7.1 A oposición constará de tres exercicios, todos eles obrigatorios e eliminatorios:

Primeiro exercicio: Consistirá en contestar por escrito, nun prazo máximo de 90 minutos, un cuestionario de 50 preguntas tipo test, mais 5 preguntas de reserva, con catro respostas alternativas, relacionadas co contido do temario que figura no anexo I destas bases e co temario que figura no anexo I das bases xerais. Cada resposta correcta sumará 0,20, cada resposta incorrecta restará 0,10 puntos e non se contabilizarán as preguntas non contestadas. A puntuación máxima é de 10 puntos.

Segundo exercicio: constará de dúas partes:

- Exposición, por escrito, dun tema extraído ó azar de entre as materias específicas contidas no programa. A puntuación máxima será de 10 puntos.

- Contestación por escrito a un cuestionario, de resposta curta, de máximo 10 preguntas. A puntuación máxima será de 10 puntos.

Nos dous casos, os cuestionarios serán elaborados polo tribunal en sesión celebrada inmediatamente antes do inicio das probas.

Terceiro exercicio: Desenvolverase por escrito durante un período máximo de tres horas, ou menos de estimarse polo tribunal en función da extensión do exercicio. e consistirá na resolución do suposto ou supostos prácticos que determine o tribunal inmediatamente antes do comezo do exercicio, relacionado coas funcións propias da Subescala e o contido do temario anexo. Para o desenvolvemento desta proba os aspirantes poderán facer uso, se así o determinase o tribunal en función do exercicio, dos textos legislativos dos que acudan provistos, excepto textos comentados, libros de formularios ou formatos dixitais.

Valorarase a formación xeral, a correcta redacción, a capacidade de raciocinio e de análise, e a correcta aplicación dos coñecementos teóricos á resolución de problemas prácticos.

A puntuación máxima é de 10 puntos.

Nos exercicios obrigatorios e eliminatorios e deberá acadarse unha puntuación mínima da metade da puntuación total asignada nestas bases a cada un deles para a súa superación.

Se o Órgano de selección, de oficio ou en base as reclamacións, que os aspirantes poidan presentar nos dous días hábiles seguintes á publicación das cualificacións dos exercicios, anulase algunha/s das preguntas ou partes dun suposto incluídas nun exercicio, anunciarao publicamente no taboleiro de Anuncios do Concello.

Contra tal acordo poderá interporse recurso de alzada, consonte ao disposto no artigo 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

2. Puntuación total.

A cualificación final de cada aspirante será a resultante da suma das cualificacións de cada un dos exercicios obrigatorios e eliminatorios.

3. Exame de coñecemento da lingua galega.

Respecto a acreditación do idioma galego, de non acreditarse co título esixido na base 5ª realizarase unha proba de nivel aos aspirantes que foran propostos polo tribunal, puntuándose coma apto ou non apto e debendo acadarse para aprobar a cualificación de apto.

8ª.- PROGRAMA TEMARIO DE MATERIAS ESPECÍFICAS.

TEMA 1.- Tema 10. Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas: Dos interesados nun procedemento. Identificación e sinatura dos interesados no procedemento administrativo. Dereitos das persoas nas súas relacións coas administracións públicas. Dereito e obrigación de relacionarse electronicamente coas administracións públicas.

Tema 2. O procedemento administrativo común (I): Normas xerais de actuación: Lingua dos procedementos. Rexistros. Termos e prazos.

Tema 3. O procedemento administrativo común (II): A obriga de resolver. O silencio administrativo.

Tema 4. O procedemento administrativo común (III): dos actos administrativos, requisitos e eficacia. A nulidade e anulabilidade.

Tema 5. O procedemento administrativo común (IV): Da revisión dos actos en vía administrativa.

Tema 6. Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público: Principios xerais de actuación do sector público. Órganos administrativos e colexiados das administracións públicas. Abstención e recusación.

Tema 7. Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público: Funcionamento electrónico do sector público.

Tema 8. Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público: Os convenios.

Tema 9. Formas de acción administrativa. A actividade de fomento: estudo especial das subvencións. A actividade de policía. O servizo público local, formas de xestión. A remunicipalización dos servizos públicos. A iniciativa económica pública e os servizos públicos.

Tema 10. As comarcas. As mancomunidades de municipios. As áreas metropolitanas. Entidades locais de ámbito inferior ao municipio. Os consorcios: réxime xurídico. Sociedades interadministrativas.

Tema 11. O sistema electoral local. Causas de inelixibilidade e incompatibilidade. Eleccións dos concelleiros e alcaldes. Eleccións de deputados provinciais e presidentes das Deputacións provinciais.

Tema 12. Os bens das entidades locais. Concepto e clasificación dos bens. Do patrimonio das entidades locais. Do inventario e rexistro dos bens. Potestades das entidades locais respecto dos seus bens. Utilización e alleamento dos bens das entidades locais.

Tema 13. O orzamento xeral das entidades locais. Estrutura orzamentaria. Elaboración e aprobación: especial referencia ás Bases de execución do Orzamento. A prórroga do Orzamento. As modificacións de crédito. A liquidación do orzamento.

Tema 14. O réxime xurídico dos empregados públicos: normativa básica. Tipos de empregados públicos. O persoal directivo das Administracións Públicas. Dereitos e deberes dos empregados públicos. Réxime xurídico do persoal laboral das Administracións Públicas: a relación laboral de empregado público.

Tema 15. Acceso ao emprego público: requisitos xerais. Principios de selección do persoal ao servizo da Administración. Sistemas selectivos. Órganos de selección. Perda da relación de servizo dos empregados públicos: causas.

Tema 16. O réxime retributivo dos empregados públicos: conceptos que integran as retribucións dos empregados públicos. As indemnizacións por razón de servizo.

Tema 17. A estruturación do emprego público. Corpos e escalas: grupos de clasificación profesional dos funcionarios de carreira. Clasificación profesional do persoal laboral. Ordenación dos postos de traballo: a relación de postos de traballo, natureza e contido. Os instrumentos reguladores dos recursos humanos: a oferta de emprego, os plans de emprego e outros sistemas de racionalización.

Tema 18. Réxime disciplinario dos empregados públicos: normativa básica e normas de desenvolvemento. Faltas disciplinarias e sancións. Procedemento de exercicio da potestade disciplinaria e medidas provisionais. Prescrición de faltas e sancións.

Tema 19. A Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia: Clases de persoal. Adquisición e perda da relación do servizo. Xornada de traballo, permisos, licencias e vacacións do persoal público. Dereitos económicos e protección social. Situacións administrativas. Réxime disciplinario.

Tema 20. Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais: Disposicións xerais. Principios de protección de datos. Dereitos das persoas. Procedementos en caso de posible vulneración da normativa de protección de datos

Tema 21. Prevención de riscos laborais. Dereitos e obrigas. Protección de datos. Principios e dereitos do persoal Igualdade. Principios reitores.

Tema 22. Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno: Principios reitores da lei. Transparencia da actividade pública.

Tema 23. A expropiación forzosa: regulación constitucional. Suxeitos, obxeto e causa. O procedemento xeral. As peculiaridades do procedemento de urxencia.

Tema 24. Os contratos do sector público (I): Regulación xurídica. Tipos de contratos do sector público. Negocios e contratos excluídos. Disposicións xerais sobre a contratación do sector público: racionalidade e consistencia, liberdade de pactos e contido mínimo do contrato, perfección e forma do contrato.

Tema 25. Os contratos do sector público (II): Réxime de invalidez, recurso especial en materia de contratación. As partes dos contratos. A administración contratante: órganos de contratación. O contratista: capacidade e solvencia do empresario. Prohibición de contratar.

Tema 26. Os contratos do sector público (III): Obxecto, orzamento base de licitación, valor estimado, prezo do contrato e a súa revisión. Garantías esixibles na contratación do sector público. A adxudicación dos contratos das Administracións Públicas. Procedemento de adxudicación. O contrato menor.

Tema 27. Os contratos do sector público (IV): Perfeccionamento e formalización dos contratos. Efectos, cumprimento e extinción dos contratos. Prerrogativas da Administración pública nos contratos administrativos. Execución e modificación dos contratos. Suspensión e extinción. Cesión dos contratos e subcontratación.

Tema 28. Os contratos do sector público (V): O contrato de obras. Execución, modificación, cumprimento e resolución do contrato de obras. O contrato de subministro. O contrato de servizos.

- Tema 29. Os contratos do sector público IIV): O contrato de concesión de obras. O contrato de concesión de servizos.
- Tema 30. Transparencia da actividade pública. Dereito de acceso á información pública. Mecanismos de coordinación e control
- Tema 31. Evolución histórica da lexislación urbanística española. O marco constitucional do urbanismo. A doutrina do Tribunal constitucional. Competencias do Estado, das Comunidades Autónomas e das Entidades Locais.
- Tema 32. Marco xeral da lexislación en materia de Ordenación do territorio e urbanismo. Lexislación básica e autonómica.
- Tema 33. Real decreto lexislativo 7/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do solo e rehabilitación urbana (I): antecedentes, obxecto e disposicións xerais. Condicións básicas da igualdade nos dereitos e deberes constitucionais dos cidadáns.
- Tema 34. Real decreto lexislativo 7/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do solo e rehabilitación urbana (II): Bases do réxime do solo, regras procedimentais comúns e normas civís.
- Tema 35. Real decreto lexislativo 7/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do solo e rehabilitación urbana (III): O informe de avaliación dos edificios. Cooperación e colaboración interadministrativas. Función social da propiedade e xestión do solo.
- Tema 36. Real decreto lexislativo 7/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do solo e rehabilitación urbana (IV): Réxime xurídico: actuacións ilegais e co Ministerio fiscal. Peticións, actos e acordos. Accións e recursos. Rexistro da propiedade.
- Tema 37. Valoracións urbanísticas e expropiatorias segundo o disposto no Real decreto lexislativo 7/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do solo e rehabilitación urbana e no real decreto 1492/2011, do 24 de outubro, polo que se aproba o regulamento de valoracións da Lei do solo.
- Tema 38. Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia e o Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o regulamento para o seu desenvolvemento: Principios xerais. Competencias e organización administrativa.
- Tema 39. Réxime urbanístico do solo. Clasificación do solo. O solo urbano.
- Tema 40. Os núcleos rurais. O solo urbanizable. O solo rústico.
- Tema 41. O planeamento urbanístico: Límites de sustentabilidade e calidade de vida e cohesión social. División do solo urbano e urbanizable. Instrumentos de planeamento urbanístico.
- Tema 42. Plan básico autonómico: concepto, contido e procedemento de aprobación. Planes básicos municipais: obxecto, contido e procedemento para a súa aprobación.
- Tema 43. Plan xeral de ordenación municipal: formulación e contido. Determinacións de carácter xeral. Determinacións en solo urbano consolidado. Determinacións en solo urbano non consolidado. Determinacións en solo de núcleo rural. Determinacións en solo urbanizable. Determinacións en solo rústico. Documentación de desenvolvemento das determinacións do plan xeral. Estratexia de actuación e estudo económico.
- Tema 44. Procedemento para a aprobación do plan xeral de ordenación municipal. Competencia para a súa aprobación definitiva. Documentos refundidos de planeamento.
- Tema 45. Planeamento de desenvolvemento dos plans xerais de ordenación municipal: disposicións comúns e plans de iniciativa particular. Os plans parciais: obxecto, determinacións e documentación. Procedemento de elaboración e aprobación dos plans parciais.
- Tema 46. Os plans especiais: finalidades. Planes especiais de protección. Planes especiais de reforma interior. Planes especiais de infraestrutura e dotacións. Procedemento de elaboración e aprobación dos plans especiais.
- Tema 47. Ordenación urbanística que afecte a varios municipios: formulación, elaboración e procedemento de aprobación. Outras figuras de planeamento. Delimitacións do solo de núcleo rural. Estudos de detalle. Catálogos.
- Tema 48. Vixencia e modificación dos instrumentos de planeamento urbanístico. Efectos da aprobación dos instrumentos de planeamento urbanístico. Normas de aplicación directa.
- Tema 49. Execución do planeamento urbanístico: Disposición xerais. Áreas de repartición. Aproveitamento tipo. Polígonos de execución.
- Tema 50. Regras xerais de equidistribución: Principios e criterios. Operacións de reorganización da propiedade en solo urbano consolidado ou en solo de núcleo rural.
- Tema 51. Sistemas de actuación: disposicións xerais. Sistema de cooperación. Sistema de expropiación.
- Tema 52. Sistema de concerto. Sistema de compensación.
- Tema 53. Obtención do solo de sistemas xerais e locais. Permuta forzosa. Ocupación directa.
- Tema 54. Patrimonio públicos do solo: constitución, bens que o integran e destino.
- Tema 55. Fomento da edificación, conservación e rehabilitación: Deberes de uso, conservación e rehabilitación. Ordes de execución. A declaración de ruína.

Tema 56. Títulos habilitantes de de natureza urbanística: Licenzas urbanísticas e comunicacións previas.

Procedemento de outorgamento das licenzas. Prelación de licenzas e outros títulos administrativos. Caducidade das licenzas. Procedemento para a tramitación das comunicacións previas. Actos promovidos polas administracións públicas.

Tema 57. Inspección urbanística. Protección da legalidade urbanística. As infraccións urbanísticas e as súas sancións.

Tema 58. Os convenios urbanísticos.

Tema 59. Lei 38/1999, do 5 de novembro, de ordenación da edificación: Esixencias técnicas e administrativas de edificación. Axentes de edificación. Responsabilidades e garantías.

Tema 60. Código técnico da edificación (CTE). Parte I: Obxecto, ámbito de aplicación, contido do CTE e documentos recoñecidos e rexistro xeral do CTE.

Tema 61. Condicións técnicas e administrativas: condicións xerais para o cumprimento do CTE; condicións do proxecto; condicións na execución das obras e condicións do edificio.

Tema 62. Esixencias básicas de seguridade estrutural, no caso de incendio, de emprego e accesibilidade, de salubridade; de protección fronte ao ruído e de aforro de enerxía.

Tema 63. Contido do proxecto de edificación. Disposicións sobre redacción de proxectos e dirección de obras. O libro de ordes e visitas. O certificado final de obra.

Tema 64. Ley 10/2014, do 3 de decembro, de accesibilidade e Decreto 35/2000, do 28 de xaneiro: disposicións preliminares relativas á accesibilidade e á supresión de barreiras. Código de accesibilidade, conceptos xerais.

Tema 65. Normas de habitabilidade de vivendas en Galicia.

Tema 66. Certificación enerxética de edificios na Comunidade Autónoma de Galicia.

Tema 67. Disposicións específicas de seguridade e saúde durante as fases de proxecto e execución das obras.

Tema 68. Decreto 37/2014, do 27 de marzo, polo que se decláran zonas especiais de conservación os lugares de importancia comunitaria de Galicia e se aproba o Plan director da Rede Natura 2000 de Galicia.

Tema 69. Decreto 144/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento único de regulación integrada de actividades económicas e apertura de establecementos (Xunta de Galicia): réxime de comunicación previa. Avaliación da incidencia ambiental.

Tema 70. Lei 37/2015, do 29 de setembro, de estradas: Disposicións xerais

Tema 71. Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia: Disposicións xerais. Edificacións, instalacións e peches existentes. Clasificación, declaración e catalogación dos bens do patrimonio cultural de Galicia.

Tema 72. Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia: Réxime específico de protección dos bens de interese cultural. Réxime específico de protección dos bens catalogados.

Tema 73. Real decreto 1627/1997, do 24 de outubro, polo que se establecen disposicións mínimas de seguridade e de saúde nas obras de construción: Designación dos coordinadores en materia de seguridade e saúde e as súas obrigas. Estudos de seguridade e saúde: supostos de obrigatoriedade e contidos.

Tema 74. Residuos de construción e demolición. Normativa aplicable e Plan Nacional. Principais aplicacións destes residuos na edificación e obras públicas.

O que se publica para xeral coñecemento.

Sada, 6 de agosto de 2024

O Alcalde

Óscar Benito Portela Fernández

2024/5617